

## SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 10/06/2024

### **PRESIDE**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

### Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SONIA OUTÓN CASAL

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

### Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

PAOLA MARIA MOCHALES

### **SECRETARIO/A**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

### **INTERVENTORA**

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 10/06/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03 de xuño de 2024, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2024/2068**

Dáse conta do escrito presentado pola Xefatura Territorial de Sanidade en relación cos problemas de aparcamento dos vehículos oficiais do persoal do Servizo de Inspección e Saúde Pública da comarca de Vilagarcía, nas inmediacións do edificio municipal da rúa Matosinhos. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda autorizar o uso do estacionamento na parte traseira do edificio municipal da rúa Matosinhos nº3.

Os vehículos farán uso dun tramo acotado e delimitado facendo un percorrido dentro das instalacións municipais.

### **PRP2024/2069**

Dáse conta do escrito presentado por Panadeira O Portugues, S.L., solicitando reserva de espazo para carga e descarga na rúa Sartaches nº13. Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinalización dunha praza de carga e descarga diante do citado número da rúa Sartaches. Os vehículos que fagan uso da mesma terán que estar debidamente autorizados(rotulados ou coa tarxeta de transporte correspondente) e cumprir o horario que se indique no sinal vertical, ou na súa ausencia no horario xenérico. Dar conta á Policía Local e ao Servizo de Sinalización (Álvaro Rubianes).

### **PRP2024/2088**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Luis González Cochón solicitando sinalización de prohibido aparcarse no tramo polo que se accede á rúa Salgueiral dende a rúa da Vía.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda a sinalización horizontal no tramo no cal se accede á rúa Salgueiral dende a rúa da Vía. Complementando a sinalización existente de STOP, con liña branca continua que delimite nese tramo a existencia do dobre sentido circulatorio, de xeito que calquera vehículo que parar/estacionara estaría no carril de circulación.

### **PRP2024/2091**

O Servizo de Vías Públicas conta cun stock de valados, que usa tanto para os distintos eventos culturais, como para o valado das distintas obras do municipio. Ademais, agora mesmo non contan cunha gran cantidade, xa que están sendo usados polos departamentos de Emerxencias, Deportes e Medio Ambiente.

En previsión da alta demanda que se producirá durante o verán, os valados cedidos a outros departamentos, o gran número de obras que se están executando e as que contamos con realizar nos próximos meses, consideramos que o stock existente é insuficiente, polo que é necesaria a compra de máis unidades para garantir a seguridade dos cidadáns.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa BAYGAR, S.L. con CIF: B-12019659, por un importe total de 5.363,93€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-22108 para o subministro de 100 valados para o seu uso na sinalización de obras.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/2114**

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do ano 2023 a posta en marcha dun servizo automático de préstamos/aluguer de bicicletas, a forma de xestión do servizo é mediante unha plataforma informática “Cloud” denominada BICICARD, destinada tanto aos xestores do servizo como aos usuarios do mesmo. A adxudicación incluía os servizos de mantemento, soporte e explotación en modo “Cloud” da aplicación BICICARD durante un ano.

A plataforma Informática BICICARD está formada por os seguintes produtos: SICB (Sistema Integral de Control BICICARD®), GestorPIM (Xestor Punto de Información Multimedia), APP BICICARD®, API's de comunicación, así como listado de compoñentes hardware asociados, cuxa propiedade intelectual e dereitos de explotación son propiedade exclusiva de ITCL.

Servizos incluídos na licenza anual BICICARD:

- Hosting en servidores de ITCL.
- Aplicación en Android e IOS.
- Web de xestión do sistema de préstamo.
- Licenzas de control remoto para as bases da instalación na cidade de destino de uso exclusivo por persoal de ITCL.
- Soporte técnico telefónico.
- Actualizacións estándares do Software publicadas durante o período de vixencia do contrato.
- Compra de repostos exclusivos BICICARD®

Os servizos de mantemento, soporte e explotación en modo “Cloud” da plataforma BICICARD terminan en maio de 2024, a partir desa data o Concello debe renovar a adxudicar dos servizos contratados para poder continuar co servizo.

O Concello é usuario do código executable da plataforma (explotación en modo “cloud”), este código non pode ser modificado por terceiras empresas por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

A adxudicación á FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEON dun servizo

de soporte, mantemento e hosting (explotación en modo “cloud”) da licenza BICICARD®, plataforma informática de xestión de préstamos/aluguer de bicicletas, para o ano 2024 por un importe de 4.235 € IVE incluído. Período de vixencia da licenza de 1-6-2024 a 31-12-2024.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2115**

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do ano 2023 a posta en marcha dun servizo automático de préstamos/aluguer de bicicletas á empresa FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEON.

Os pasados días 6,7,8,9,e 10 de maio persoal técnico da empresa FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEON desprazouse a Vilagarcía para revisar todas as estacións do servizo VaiBike e arranxar as incidencias detectadas.

Foi necesario substituír distintos dispositivos avariados debido ao uso do servizo, estes elementos non están dentro do servizo de garantía. A empresa presenta informe dos traballos realizados.

A FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEON presenta un presuposto un presuposto dos dispositivos substituídos, a empresa non factura nin o desprazamento nin a man de obra. Así mesmo solicitouse a subministración dunha CPU, totalmente configurada e lista para ser utilizada en caso de ser necesario en calquera das estacións.

Á vista do anterior Xunta de Goberno Local acorda:

A compra para reposición dunha CPU e de varios elementos/dispositivos avariados nas estacións do servizo automático VaiBike de préstamos/aluguer de bicicletas á FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEON, por un importe de 2.510,87 € IVE incluído

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2132**

No almacén do Centro de formación de Matosinhos existe diverso material e equipamento informático obsoleto, que non está operativo e non pode ser reutilizado.

Por motivos de seguridade da información e protección de datos de carácter persoal, os dispositivos que poidan conter datos de carácter persoal, como son discos duros etc. serán extraídos das CPU's e almacenados, posteriormente contratarase unha empresa especializada na destrución dos mesmos que aporten as garantías necesarias.

Os equipos que serán enviados ao punto limpo son os seguintes:

Dispositivo Marca Modelo Número de serie

Pantalla IBM Thinkpad 14"

Pantalla IBM Thinkpad 6637 14"

Pantalla HP 1502 14"

Ratón HP PS2

Ratón HP PS2

Ratón HP PS2

Ratón HP PS2

Ratón HP PS2

Ratón HP PS2

Teclado HP PS2  
Teclado HP PS2  
Teclado HP PS2  
Teclado HP PS2  
Teclado HP PS2  
CPU 10 HP DC5800 CZC92766WM  
CPU 11 HP DC5700 CZC7182GSJ  
CPU 12 HP DC5700 CZC8012WNK  
CPU 13 HP DC5700 CZC8012WP1  
CPU 14 HP DC5700 CZC7182GRD  
CPU 15 HP CZC9404ZFS  
CPU 16 HP DC5700 CZC8012WNN  
CPU 17 HP DC5700 CZC8012WNP  
CPU 18 HP DC5800 CZC92766WN

Visto o anterior a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o envío ao punto limpo do material informático do centro de formación municipal de Matosinhos da relación anterior.

#### **PRP2024/2151**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Baygar, S.L. aluguer dun sanitario para a súa instalación na praia do Preguntoiro (Vilaxoán) durante o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro do presente ano, por un importe total de 489,51€ (IVE incluído), con cargo á partida 1722-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2154**

Dáse conta do escrito presentado por Club Olímpic-Vilagarcía, solicitando autorización e colaboración municipal con motivo da celebración dunha Macroexhibición de Taekwondo Santa Rita, o día 29 de xuño.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de colaboración coa cesión de material da citada Fundación.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de 10 valados, 300 cadeiras, 6 mesas tipo pupitre, 2 colectores de lixo, un equipo de son, e elaboración 100 carteis publicitarios do evento, polo departamento de Comunicación

A Xunta de Goberno Local autoriza a súa celebración no Parque da Xunqueira.

#### **PRP2024/2158**

Dende Servizo de Vías Públicas presentamos unha proposta de gasto con número de expediente OBRAS/2024/000020 e número de proposta a X.G.L. PRP2024/1673, para a compra de mesas e cadeiras para as eleccións europeas 2024.

O número de candidaturas ás eleccións europeas aumentou a 34 partidos. Debido ó elevado número de candidaturas, é necesario dobrar o número de mesas para a colocación das papeletas, polo que o número inicial proposto é insuficiente.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para subministro de 10 mesas presentado por Castroman I, S.L. por importe de 399,50€. cargo á partida 920-62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2163**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a Publicación do número 11 da Revista poética Anaco, con cargo á partida 926.2260201, coa seguinte desagregación e adxudicatarios:

- Carlos Crespo Gómez (Dito & Feito): Deseño e maquetación, por importe de 242,00€ (IVE incluído).

- Artes Gráficas Anduriña: Impresión 500 exemplares, por importe de 1.248,00€ (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2164**

Vista a solicitude do Técnico de Comunicación para autorizar a súa asistencia ao acto nacional de comunicación dos Fondos Europeos que se celebrará en El Puerto de Santa María e Chiclana de la Frontera os días 21 e 22 de xuño para os responsables de comunicación das Entidades Locais con programas financiados con Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda:

1- Autorizar a asistencia de Manuel Villaronga García responsable de comunicación do Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- Aprobar o abono dos seguintes gastos de desprazamento, manutención e aloxamento:

Desprazamento: 468,00€ con cargo á partida 920-23120

Manutención e aloxamento: 254,01€ con cargo á partida 920-23020.

#### **PRP2024/2165**

Dáse conta do escrito presentado por D. Miguel Angel Moya García aceptando as condicións para renovación da cesión temporal do Kiosco situado na Rúa Arcebispo Lago, acordadas na Xunta de Goberno Local de data 20 de maio de 2024. Aceptando a actualización da indemnización a favor do Sr. Moya García, por importe de 2.000,00 €/ano (IVE incluído), con efectos de 1 de xaneiro de 2024, así como a continuidade da exención durante o citado período de catro anos, de aboamento polo Sr. Moya García do canon, por importe de 1.803,036 €, así como dos impostos, taxas e gastos que se deriven do quiosco citado, con efectos de 1 de xaneiro de 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a renovación da cesión temporal do citado Kiosco, así como a exención nos impostos e taxas, nas cantidades citadas, durante o prazo de catro anos.

#### **PRP2024/2168**

Vista a propota do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa GESS, Gustavo Adolfo Sabarís Escudero, para o subministro para praias, de dúas cadeiras de rodas anfibas para persoas con mobilidade reducida, que facilite a transferencia das persoas para bañarse ou descansar en posición confortable, por un importe total de 4.158,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 1722.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2169**

Vista a propota do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa GESS, Gustavo Adolfo Sabarís Escudero, para o subministro de boias de balizamento para praias para marcaxe de entrada e canle, por un importe total de 9.994,60€ (IVE incluído), con cargo á partida 1722.62300. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2170**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SLU para subministro de artigos de uniformidade para os socorristas do Servizo de Praias para a época estival 2024, por un importe total de 1.248,72€ (IVE incluído), con cargo á partida 1722.22104. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2171**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias (Servizo de Praias), a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por SEPYMEDICAL SL para o subministro de material sanitario funxible para a dotación das casetas de primeiros auxilios nas parias Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, por un importe total de 3.993,67€ (IVE incluído), con cargo á partida 1722-22199. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2172**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SLU para subministro dun novo desfibrilador semi automático para a nova Biblioteca Pública Municipal, por un importe total de 1.512,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 3321-62300. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2215**

Dáse conta do escrito presentado por D. Rafael Villanueva Lires solicitando reserva de espazo fronte a igrexa parroquial de Vilagarcía de Arousa para o día 22 de xuño de 10 a 14 horas con motivo dun casamento e debido a asistencia de invitados con problemas de mobilidade. A Xunta de de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda autorizar a reserva para 1

autobús e o vehículo dos noivos.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2024/2090**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica co fin de dar continuidade á prestación do servizo de atención dixital á cidadanía, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o gasto polo importe 7.744,00 €, con cargo á partida 920.22799.

SEGUNDO. Adxudicar o presente contrato menor de servizos á empresa CDF - CONSULTORIA Y GESTIÓN FORMATIVA SL, NIF: B-06828834 y domicilio en Rúa Fermín Bouza Brey, 12-2ºB; CP. 36600- Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), por unha contía total de 7.744,00 € (IVE incluído), dende o 1 de xullo de 2024 ata o 31 de outubro de 2024 .

O aboamento levarase a cabo mediante facturación mensual do servizo.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2118**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, dunha subvención total de 40.000 €, ao abeiro da Orde do 27 de maio de 2024 (DOG nº 105 do 31/05/2024 ) pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a Concellos de Galicia, en réxime de Concorrenza competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR460D) para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as (Bañistas/Socorristas) a xornada completa durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2024 para a realización de actividades de asistencia, salvamento e socorrismo nas praias do Municipio, cunha aportación municipal de 34.550,24 €, no suposto de que se conceda a totalidade da subvención que se solicita.

O custo total ascende a 74.550,24 €.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2024/2106**

Con data de 22/04/2024 a XGL aprobou a proposta de gasto do Programa Pedagóxico e de Masterclasses da VII edición do festival, PRP2024/1425

Unha das actividades previstas, o Taller práctico para afrontar a ansiedade escénica e a preparación efectiva de probas, audicións, exames e concertos baixo a denominación “Cambia en 4 horas como subes al escenario”, impartido polo psicólogo clínico e saxofonista profesional, Jesus Ángel Vega Díez non é posible celebralo na data prevista por mor da acumulación de actividades a realizar co alumnado do centro esa semana.

Sen embargo desexamos realizar este Taller en canto sexa posible, xa que o consideramos moi importante para o desenvolvemento do alumnado do centro. Postos en contacto co Sr. Vega,

aconsellounos realizalo no primeiro trimestre do curso para que teña un mellor aproveitamento polo alumnado ao longo do ano académico. Desexamos por tanto realizar este Taller co noso alumnado e adialo ao primeiro trimestre do curso académico 2024-2025 e mantendo a retención de crédito xa realizada.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adiar a data de celebración do Taller “Cambia en 4 horas como subes al escenario”, impartido por Jesús Ángel Vega Díez con DNI 10873055N e previsto para o vindeiro xoves 20 de xuño autorizado pola XGL na sesión do 22/04/2024 - PRP2024/1425 - propoñendo se realice ao longo do primeiro trimestre do curso 2024-2025 en data a acordar co Sr. Vega, mantendo a retención de crédito xa realizada.

### **PRP2024/2109**

Dáse conta a XGL da sinatura de diversos acordos e contratos para a VII edición do Festival Internacional de Música clasclás que se sinalan de seguido e que se achegan:

- Acordo de colaboración coa empresa COCINA GALLEGA CONTEMPORÁNEA para a celebración do concerto do 25 de xuño no Pazo da Gopelleira. Expte CONSER/2024/000018. PRP2024/1288 XGL 15/04/2024
- Contrato co Sr. D. Adolfo Gutiérrez, para a celebración do concerto do 25 de xuño. Expte CONSER/2024/000021. PRO2024/1290 XGL 15/04/2024
- Contrato co Sr. D. Malcolm Martineau, para o concerto do 25 de xuño. Expte CONSER/2024/000021. PRO2024/1290 XGL 15/04/2024
- Contrato Artístico coa Sra. Elisabeth Leosnkaja para a celebración dos concertos dos días 24 e 26 de xuño. Expte CONSER/2024/000022. PRO2024/1291 XGL 15/04/2024
- Contrato con EAS MusikManagement S.L. para o concerto do Cuarteto Kandinsky o 26 de xuño. Expte CONSER/2024/000022. PRO2024/1291 XGL 15/04/2024
- Contrato co Sr. D. Dominik Wagner para o concerto do 26 de xuño. Expte CONSER/2024/000022. PRO2024/1291 XGL 15/04/2024
- Contrato con Mendialdúa Music S.L. , para o concerto do 27 de xuño da Sra. Jusith Jáuregui e o Cuarteto Gerhard. Contrato Artístico coa Sra. Elisabeth Leosnkaja para a celebración dos concertos dos días 24 e 26 de xuño. Expte CONSER/2024/000023. PRO2024/1292 XGL 15/04/2024
- Contrato co Sr. D. Josef Spacek para o concerto do 28 de xuño. Expte CONSER/2024/000020. PRO2024/1289 XGL 15/04/2024
- Contrato co Sr. D. Miroslav Sekera para o concerto do 28 de xuño. Expte CONSER/2024/000020. PRO2024/1289 XGL 15/04/2024
- Contrato coa agrupación Vocalía Taldea para o concerto do 29 de xuño. Expte CONSER/2024/000025. PRO2024/1293 XGL 15/04/2024

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/2141**

O pasado venres 26 de abril celebrouse en Villaviciosa de Odón a Asamblea Xeral ordinaria da Asociación Española de Festivais de Música clásica – Festclásica – á que temos solicitado a adhesión do Festival clasclás aprobada pola XGL do 18/03/2024, PRP 2024-0929.

Desde a dita Asociación tennos comunicado que, por unanimidade, a nosa proposta de adhesión ten sido aprobada e por tanto xa somos socios de Festclásica. Ao tempo desde Festclásica teñen remitido á factura nº 48 polo importe de 500,00 € coa CARACTERÍSTICAS: Compre proceder ao abono da cota anual da Asociación Española de Festivais de Música clásica –



Festclásica, con CIF G23622657 e enderezo en Praza Mayor nº 7, 42001 Soria, logo da aprobación da inclusión do Festival Internacional de Música clasclás na dita Asociación, inicialmente aprobada na XGL do pasado 18/03/2024

O importe da cota anual para 2024 ascende a 500,00 €

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno local acorda probar o aboamento da cota de inscrición do Festival Internacional de Música clasclás do ano 2024 , á Asociación Española de Festivales de Música clásica con CIF G23622657 con cargo ao Proxecto RRPP 2024-3-CRRTE-5-1 (Partida 3261.489)

### **PRP2024/2160**

Unha das actividades incluídas no programa VILAGARCÍA, CIDADE DO LIBRO 2024 é o programa “LITERATUR” .

Este programa desenvolverase en 2 sesións por xornada dende o luns 10 ata o mércores 12 de xuño. En cada quenda poderán participar dous grupos de aproximadamente 25 alumnos/as, que estarán en todo momento organizados, dirixidos e supervisados por 5 monitores.

Desenvolverase no parque urbano Miguel Hernández que ten unha superficie de 18.000 metros cadrados e está distribuído en varias zonas (bosque, camelias, pradería...) i en todas é posible atopar poemas xa clásicos do poeta o que lle dá, para este proxecto, un valor engadido.

Os centros educativos máis próximos farán o seu traslado a pé, como unha parte xa da súa actividade. Pero para os máis afastados, precísase transporte.

Solicitouse presuposto á EMPRESA PEREIRA, S.L., para os seguintes servizos:

10-jun

11:30 CEIP ROSALIA DE CASTRO CARRIL 2º

11-jun 9:30 CEIP A LOMBA 3º

11:30 CEIP DE RUBIANS 1º-2º

12-jun

9:30 CEIP A LOMBA 4º-5º

11:30 CEIP AREALONGA 6º

11:30 CEIP VILAXOAN 3º

Presenta un orzamento que ascende a 1.080,02 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por EMPRESA PEREIRA SL, por un importe total de 1.080,20 €, con cargo á partida orzamentaria 320.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/2167**

O día 9 de xuño celébrase o Día Internacional do Arquivos, que conmemora a creación do Consello Internacional de Arquivos en tal día o ano 1848.

Con tal motivo dende a Biblioteca Municipal propónse a organización dunha mostra documental nas instalacións da Biblioteca Pública Municipal con material procedente do Arquivo Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, realizando a exposición entre os días 7 a 21 de xuño de 2024.

Vista a Proposta do Director do Arquivo Municipal a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para o traslado á exposición dos documentos que se indican na citada proposta, do Arquivo Municipal á Biblioteca Pública Municipal.

## **SANIDADE**

### **PRP2024/2149**

Co motivo das tarefas de mantemento que se deben levar a cabo nos Cemiterios de Vilagarcía e Carril, é preciso poder transportar as ferramentas e utensilios dun Cemiterio a outro. Outra tarefa que se vai empezar a realizar é o transporte ao punto limpo dos escombros, restos de lápidas e cristais, previa clasificación dos mesmos en big bags.

É por isto polo que pola Concellería de Cemiterios se propón a Xunta de Goberno Local a compra dun remolque cos datos que a continuación se indican: Remolque de 2,30x1,30 m con rodas exteriores galvanizado.

Á vista do anterior a Xunta de goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa: Remolcar Juan Barreiro, S.L. - Cif: ES1336305720, para o subministro dun remolque para o Servizo de Cemiterios, por un importe total de 2.541,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/2150**

A carretilla elevadora recentemente cedida por Fexdega ao Servizo de Cemiterios, presentou unha serie de fallos no seu funcionamento polo que e necesario proceder á súa reparación.

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda probar o orzamento presento pola Empresa BAYGAR SL - cif: B12019659, por un importe total de 632.07 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2024/2138**

A Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2024, acordou aprobar as bases e prezos públicos para a realización do Campamento Urbano de Verán 2024 a levar a cabo durante o mes de xullo e ata o 14 de agosto de 2024 no CEIP Arealonga, en horario de 8:00 a 15:00 h (de 8:00 a 9:00 o Plan Madruga), dirixido a 70 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2020, por un importe estimativo de monitoraxe do Servizo Básico de Campamento Urbano de 22.406,86 € (IVE incluído) (partida 2314.22624) e o prezo estimativo de limpeza das instalacións de 2.500 € (IVE incluído) (partida 2314.22610), dando un importe total de 24.906,86 € (IVE incluído).

Dáse conta da existencia dun erro no citado acordo dado que o gasto de limpeza será asumido integramente polo Departamento de Servizos Sociais.

A Xunta de Goberno Local acorda corrixir o erro indicado procedendo á anulación da rentención de crédito e o reintegro da cantidade correspondente ao prezo estimativo de limpeza das instalacións de 2.500 € (IVE incluído) á partida 2314.22610.

### **PRP2024/2139**

A Concelleira de Servizos Sociais propón á Xunta de Goberno Local a adxudicación do servizo de Campamento Urbano de Verán 2024, na súa modalidade de Servizo Complementario de Comedor. As bases do servizo de Campamento Urbano 2024 foron aprobadas na XGL do 11 de marzo de 2024.

O Servizo Complementario de Comedor está destinado aos/ás menores dos Campamentos Urbanos que o necesiten e así o indiquen na súa solicitude e se levará a cabo durante os meses de xullo e ata o 14 de agosto de 2024 no Ceip AREALONGA en horario de 14.00 a 15.00 h.

Por outra banda, o concello necesita que se realice diariamente a limpeza das instalacións educativas utilizadas para o desenvolvemento da actividade.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento e adxudicación do Servizo Complementario de comedor dos Campamentos Urbanos de Verán 2023, á empresa (Chicolino) JOSÉ FAJARDO S.L. B 15320187 LUGAR EGIPTO 125, ABANQUEIRO - BOIRO (A CORUÑA) C.P. 15938, por un importe máximo estimado de 7.424 € (ive do 10% engadido), con cargo á partida 231.22610.
- Aprobar o orzamento e adxudicación do servizo de limpeza por importe de 3.169,34 € (ive do 21% engadido) á empresa Clece S.A. con CIF: A80364243 e enderezo en Plaza de América 1, Torre 1, 1ª planta. 36211 Vigo, con cargo á partida 231.22610.
- Aprobar o prezo público do servizo de comedor, cun importe máximo por usuario e día de 5 €.

O servizo, disporía das seguintes reducións do prezo a pagar polo servizo de alimentación baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente, tal como se indica:

RPC familiar, en base ao IPREM	aportación usuario/a	Aportación Concello
inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80% e o 100%	50%	50%
Superior ao 100%	100%	0

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2024/2121**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEGURLAIN 2020 SL para o subministro de roupa e EPI's para 10 traballadores seleccionados con cargo á subvención concedida ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) , por un importe total de 2.027,31 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2140**

O día 15.05.2024 a empresa Espina&Delfin SL presenta escrito neste Concello polo que se pon no coñecemento do Concello que “no día de hoxe 15/05/2024 se detectou a entrada dun vertido non autorizado de cor escura no pretratamento da EDAR de Vilagarcía e Arousa, descoñecéndose a súa procedencia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/2142**

O día 30/05/2023 asinouse Convenio interadministrativo entre a Consellería de Medio Rural e a entidade local de Vilagarcía de Arousa para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-24, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Este convenio tiña unha vixencia de dous anos, polo que o presente ano 2024 aínda está en vigor.

O convenio ten por obxecto establecer o marco de participación e de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o desenvolvemento das accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2023/24, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso dos recursos que se inclúen neste convenio.

Os tipos de actuacións obxecto desta axuda son:

- LABORES DE VIXILANCIA E DEFENSA: brigada composta por 5 persoas que realizarán labores de defensa e extinción de incendios durante un período de operatividade de 3 meses.
- LABORES DE PREVENCIÓN DE XEITO MANUAL: traballos de roza manual e/ou de investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal
- TRATAMENTOS PREVENTIVOS DE XEITO MECANIZADO: rozas mecanizada de matogueira con apeiro rozador de cadeas ou similar acoplado a tractor nunha superficie máxima de 5,16 ha.

Os custos das anteriores accións repartiranse entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilagarcía. A Consellería financiará as actuacións coas contías seguintes:

ACTUACIÓNS EN MATERIA DE EXTINCIÓN DE INCEDIOS FORESTAIS		
TIPO DE ACTUACIÓN	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2023	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2024
LABORES DE VIXILANCIA E DEFENSA	19.000 €	19.000 €
ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS		
TIPO DE ACTUACIÓN	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2023	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2024
LABORES DE PREVENCIÓN DE XEITO MANUAL	19.000 €	19.000 €
TRATAMENTO PREVENTIVOS DE XEITO MECANIZADO	1.651,20 €	1.651,20 €
TOTAL ACTUACIÓN PREVENCIÓN	20.651,20 €	20.651,20 €
TOTAL ACTUACIÓN EXTINCIÓN E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS		
	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2023	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2024
	39.651,20 €	39.651,20 €

Na cláusula décima primeira recóllense os compromisos que adquire o Concello, entre eles someterse ás actuacións de comprobación ou levar un sistema de contabilidade específica Feader, e na cláusula décimo terceira recóllense a relación dos gastos subvencionables.

A vista do anterior:

- 1.- Dase conta do contido do convenio ao Departamento de Intervención e ao de Persoal.
- 2.- Dase conta da distribución de gastos para esta anualidade entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilagarcía segundo a previsión de gastos que se anexa e a aprobación da achega municipal:

BRIGADA MUNICIPAL DE EXTINCIÓN (19 000 €)		TOTAL	SUBVENCIONADO	CONCELLO
GASTOS PERSOAL		14.347,68 €	14.347,68 €	0,00 €
GASTOS DOTACIÓN BRIGADA (curso formación, EPIS, vestuario,...)		11.205,35 €	4.652,32 €	6.553,03 €
	<b>TOTAL EXTINCIÓN</b>	25.553,03 €	19.000,00 €	6.553,03 €
BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN (19 000 €)		TOTAL	SUBVENCIONADO	CONCELLO
GASTOS PERSOAL		17.536,05 €	17.536,05 €	0,00 €
GASTOS MATERIAL ROZA		2.506,00 €	1.463,95 €	1.042,05 €
	<b>TOTAL PREVENCIÓN</b>	20.042,05 €	19.000,00 €	1.042,05 €
TRATAMIENTO PREVENTIVO MECANIZADO (1 651,20)		TOTAL	SUBVENCIONADO	CONCELLO
GASTOS		1.800,00 €	1.651,20 €	148,80 €
<b>TOTAL PROXECTO</b>		47.395,08 €	39.651,20 €	7.743,88 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2024/2146

O día 14.05.2024 a empresa Espina&Delfin SL presenta escrito neste Concello polo que se comunica que “se informa que na data 14/05/2024 se detectou nas inmediacións da ETAP de Vilagarcía fume proveniente da queima de madeira e doutros materiais, que poden facer que sobre o decantador se depositen restos desta.

Sería conveniente a prohibición e control deste tipo de queimas na inmediacións do entorno da ETAP xa que poden provocar problemas na calidade da auga tratada.

Nas mesmas data, deuse traslado verbal á Policía Local destes feitos para que procedan ao control da zona por se estas queimas non son autorizadas.”

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2024/2153

O día 14.05.2024 a Consellería de Sanidade remite un escrito no que se comunica que “o día 12/05/2024, durante a mostraxe das augas de baño PREGUNTOIRO, efectuada dentro do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2022-2025 se detectou o seguinte: un forte mal olor no curso da auga que desemboca no centro do areal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e indica que xa foi solucionada a incidencia.

## CULTURA

### PRP2024/2133

Por Dona Begoña Fontan Caeiro solicitouse o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal para a celebración da actividade denominada Festival Fin de Curso, o día 8 de xuño de 2024.

Esta actividade tivo un prezo de entrada único de 5 €, sendo a recadación obtida para o

solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as taxas correspondentes ó uso da citada instalación municipal:

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 51,00 €
- Operario: 51,00 €
- TOTAL: 366,70 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/2134**

Por Dona Gema Pizarro Expósito solicitouse o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal para a celebración da actividade denominada Festival Fin de Curso o día 1 de xuño de 2024.

Esta actividade tivo un prezo de entrada de: Zona A e B: 4 €; Zona C: 3€, sendo a recadación obtida para o solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as taxas correspondentes ó uso da citada instalación municipal:

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 91,80 €
- Operario: 91,80 €
- TOTAL: 448,30 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/2135**

Vista a solicitude de D. Manuel Oubiña Saavedra, en representación da Asociación de Festas Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de Sacramento en Sobradelo os vindeiros días 11 e 12 de agosto de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Nós de Sobradelo, o día 11 de agosto por un importe de 225,00 €.
- Actuación da Asociación Cultural Coral Polifónica de Sobradelo, o día 11 de agosto, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comúnícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de

taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/2136**

Vista a solicitude de Asociación Cultural San Miguel Arcangel, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Miguel en Trabanca Badiña os vindeiros días 28 e 29 de setembro de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Amencer, o día 29 de setembro, por un importe de 335,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/2143**

Vista a solicitude de D. Antonio Barreiro Correa, en representación da Asociación Enanito de las Uvas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Fidel en Carril os vindeiros días 27 e 28 de xullo de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Malveiras, o día 27 de xullo, por un importe de 391,00 € e o día 28 de xullo, por un importe de 391,00 €.
- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán, o día 28 de xullo, por un importe de 585,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/2144**

Vista a solicitude de Dona Dolores Couso Rodríguez, en representación da Comisión de Festas Virxe do Carme e do Rosario, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme en Vilaxoán os vindeiros días 20, 21 e 22 de xullo de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa (Grupo de Gaitas) por un importe total de 841,00 €: Día 20-07 por importe de 391,00 €; día 21-07 por importe de 225,00 € e día 22-07 por importe de 225,00 €
- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán (Coral), día 21-07, por un importe de 585,00 €

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/2145**

Dáse conta do contrato de patrocinio asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Empresa **Gadisa Retail S.L.U.** para colaboración das Festas de San Roque 2024, aportando a empresa a cantidade de 2.350,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2024/2092**

Dáse conta de resolución da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de autorización para a realización das obras de Mellora de Acceso ao Piñeiriño pola Rúa Wenceslao Fernández Florez, con suxeición ás condicións que indican na propia resolución.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2024/2152**

Por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/11/2023 adxudicouse o contrato menor de obras de “Renovación do ascensor do paso A Escardia” á mercantil Schindler S.A. (A50001726) por importe de 39.981,73€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.396,16€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 48.377,89€.

Coa renovación do ascensor de referencia sito na Praza da Estación, s/n, dito contrato comprende que este subministro enténdase garantizado por TRES ANOS comprometéndose a mercantil adxudicataria Schindler, S.A a reparar o cambiar pola súa conta, toda peza que resulte defectuosa de construción exceptuando os desperfectos orixinado por desgaste, por funcionamento, mal uso da instalación, negligencia, impericia, abandono e os que sobreveñan a consecuencia de deficiencias no subministro de corrente eléctrica.

Durante dita garantía o ascensor precisa dun mantemento, tendo en conta que Shindler, S.A. dispón dos dereitos de propiedade intelectual do equipo incluíndo o software de control que permite o funcionamento, mantemento e reparación do equipo, así como a gratuidade dese mantemento durante os primeiros 6 meses.

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de servizo de “Mantemento do ascensor do paso A Escardia sito na Praza da Estación, s/n de Vilagarcía de Arousa” á mercantil Schindler S.A. (A50001726) por



importe de 90,00 €/mes (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 18,90 €/mes, o que totaliza un importe de adxudicación mensual de (IVE engadido) de 108,90 €/mes, con cargo ao orzamento vixente, a partir do 11 de xuño de 2024, facendo constar que os 6 primeiros meses o mantemento será gratuito. O importe anual do contrato será de 1.306,80 euros (IVE engadido), con cargo á partida 459.213.

